




Blanco Amor, [Romance de Micomicón e Adhela](#), en [Farsas para títeres](#), Ed. do Castro.

Peza teatral escrita en 1939 e publicada no volume "Farsas para títeres" en 1973. Esta "farsa para títeres especiosos" transcorre no Reino de Trapalandia, onde o xigantón Micomicón, enfrontado á posibilidade de ter que casar coa princesa dun reino veciño, chora, namorado de Adhelala, princesa turca que ten a súa nai en catividade. As bágoas de amor provocan que encolla converténdose nun home de aspecto físico normal. A posibilidade dun neto próximo fai que a Raíña Nai o celebre con eles dous.

X. Gutiérrez e N. Fernández, [Bocas, animais extraordinarios](#), Factoría K

En Bocas, primeiro volume da colección Animais extraordinarios, descríbense con detalle e rigor doce especies que obteñen o seu alimento de forma moi peculiar.



MARK TWAIN, [AS AVENTURAS DE TOM SAWYER](#), Xerais

Publicadas por vez primeira o ano 1876, "a maioría das aventuras descritas neste libro ocorreron realmente; unha ou dúas foron experiencias propias e, o resto, de rapaces condiscípulos meus. Huck Finn está tirado da vida real; así tamén Tom Sawyer, aínda que non dun só individuo". Nestas frases do autor, Mark Twain, precisamente, resúmese o espléndido da novela. Lonxe de academicismos literarios, un escritor contaba o que vía, o que a el lle ocorrera, tal vez como quen desexa que o narrado sexa o mundo feliz de tódolos seus lectores: conservar para sempre esa "época na vida de todo rapaz de constitución normal en que este desexa con ardor saír a calquera parte e desenterrar un tesouro escondido.



IES FERNANDO BLANCO

Guía lecturas

1º, 2º, 3º ESO
1º, 2º, 3º ESO



maio 2008

bibliofernandoblanco.blogspot.com

“Dos diversos instrumentos inventados polo home, o máis asombroso é o libro; todos os demais son extensións do seu corpo. Só o libro é unha extensión da imaxinación e a memoria”. Jorge Luís Borges.

XABIER P. DOCAMPO,
CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE, Xerais




Antes de que souberamos ler, o que máis nos gustou sempre foi que nos contaran historias, querer oír contos. Ata hai uns anos eran os nosos avós ou pais que nolas contaban a carón do lume antes de durmir.

Cando petan na porta pola noite son catro contos que, partindo daqueles que naceron para seren contados oralmente, das historias que o autor, Xabier P. Docampo, foi recuperando da súa memoria, hoxe están postas no papel para que as fagades vosas, as transformedes nas vosas propias historias e logo as contedes.

E. González, *iOjalá no hubiera números!*, Nivola (1º ESO)

Imaxina que unha mañá espertas e non se pode ler a hora do reloxo, as matrículas dos coches están en branco, os prezos nas tendas desapareceron, non sabes cantos anos téis...iun mundo sen números! eso ocorreulle a Arturo Comelibros por decir o que no debía e enfadar a Pitágoras V, o rei das matemáticas.



Muñoz Santoja, José *Ernesto, el aprendiz de matemago*, Nivola

A Ernesto, un estudante de secundaria, o gusto polas matemáticas chegoulle da man do mago Minler. A través de xogos de cartas, de trucos con dados, de adivinar números, de trucos con cordas, etc., Ernesto descubrirá que de baixo de todo isto está a Álgebra e a Topoloxía.


CÉSAR MALLORQUÍ, *O ÚLTIMO TRABAJO DO SEÑOR LUNA*, Rodeira

Con esta novela de ritmo trepidante, César Mallorquí (o fillo de José Mallorquí, o creador do famoso personaxe O Coyote) soubo encaixar perfectamente as pezas dun crebacabezas. Un rapaz superdotado intelectualmente, aínda que demasiado vulnerable no plano afectivo, vaise ver involucrado nun complicado plan de vinganza orquestrado por un poderoso narcotraficante boliviano de cocaína. Polas rúas e barrios de Madrid, entrecrúzanse as vidas dun asasino a soldo, dunha emigrante latinoamericana e dun adolescente.



Mark Twain, *Diario de Eva*, Edicións Positivas

O diario de Eva, é un relato cargado de humor con un estilo directo e sinxelo. É unha defensa do ser humano a quen dibuxa coas súas debilidades. Parece ser que é un tenro e emocionado recordo da súa muller, Olivia Langdon, que morrera un ano antes da súa redacción.



Laura Gallego, *La maldición del maestro*, SM

O amo da torre xurou vinganza antes de morrer. Ningún aprendiz de mago debe rebelarse contra o seu Mestre e, con todo, Dana, a actual Señora da Torre, e Fenris, o elfo, fixérono. Agora, aproveitando que hai novos discípulos na escola, a morte non vai impedirlle ao Mestre cumprir a súa promesa? Se che gustaron as aventuras de Dana no val dos lobos, segue agora as súas peripecias na segunda parte da triloxía coa que Laura Gallego achéganos a este mundo cheo de maxia e de misterios.

